

MANEL QUERALT

Vacu  
o ser sufrinte

Prólogo de Francesc Torralba Roselló  
Tradución de María Cuiñas Insua  
Revisado por Paula Figueiras Carballo



## Prólogo á versión galega

Entre a multitude de xéneros literarios que xa se inventaron e que están aínda por inventarse, poderíase dicir que a poesía é o máis internacional de todos. Se deixamos a un lado a lingua que o poeta emprega, se esquecemos a forma e a grafía das verbas que escolle, e quedamos soamente co contido, atopámonos co xénero máis humano, o que explora coma ningún outro eses sentimentos que toda persoa experimenta ao longo da súa vida.

Polo tanto, fronte á difícil tarefa de trasladar toda a angustia e a incerteza de Vacu dende o orixinal catalán á versión en galego, non teño máis remedio ca agradecerlle a Manel Queralt a súa capacidade para retratar con tanta xenialidade esa espiral de dor e sufrimento que constitúe a existencia do ser humano. Sen ornamentos innecesarios, sen medo a expresar a crueza da vida, este poeta logra chegar ao máis profundo de nós e dá cuns temores que temos agochados e preferiríamos esquecer para sempre. Por iso non fai falla ser un experto nin en literatura nin en filosofía para extraer a esencia dos seus versos: cada chanzo desa escaleira pola que avanza e retrocede Vacu é un instante de nós mesmos, é unha dificultade que soubemos superar ou que, pola contra, nos impide avanzar e ver qué nos agarda no seguinte tramo.

En realidade, tanto a poesía coma o comportamento de Manel Queralt son pouco comúns hoxe en día. A moi poucos tradutores se nos brinda a oportunidade de facer tan nosa unha obra, ademais de roubarlle protagonismo ao escritor e ter unhas verbas cos lectores. Non é sinxelo para a maioría dos autores o feito de confiar a un estraño algo tan persoal, tan seu, como pode ser a súa obra literaria; motivo de máis para ter a seguridade de que as páxinas deste libro son especiais en moitos aspectos.

Un deles sería a edición mesma do libro *Vacu, o ser sufrinte*. A pesar da enorme variedade lingüística e cultural da que gozamos en España, non abundan as oportunidades de pór en contacto estas linguas irmás nosas que son o galego e o catalán. Polo tanto, os que xa saben apreciar a riqueza das edicións bilingües poden seguir facéndoo con esta, e para os que represente unha novidade, estou segura de que descubrirán un novo xeito de saborear literatura, que oxalá lles sirva como precedente para sucesivas lecturas.

Por outra parte, esta posibilidade de dispoñer á vez do texto orixinal e da súa tradución supón un certo risco para a tradutora, xa que dá pé ás discrepancias na interpretación do poema en catalán ou á descuberta de posibles erros, por poñer algún exemplo. Os tradutores adoitamos estar sempre agochados nas sombras, pasando normalmente desapercibidos. Pola contra, neste caso eu mesma quedo nunha situación de vulnerabilidade á que non estou afeita;

non obstante, penso que aínda así este aspecto tamén engade un certo interese ó conxunto da obra: eu estou disposta a adoitir este novo reto.

Entre outras moitas cousas, o ideal sería que este libro servira entón para achegar un pouquiño Galicia e Cataluña, e espertar un interese recíproco por parte de ámbalas rexións. Como vén ocorrendo ao longo dos séculos, a literatura é un dos mellores modos de conseguilo, e grazas ás novas tecnoloxías e á xeneralización da cultura, xa non quedan pretextos para manterse illado do resto do mundo. Sexa a través de verbas, notas musicais ou pinceladas de cor, cada día faise máis sinxelo coñecer distintas formas de expresar os mesmos sentimentos, polo que penso que esta edición se atopa acorde co seu momento e así mesmo contribúe a enriquecer o panorama cultural do país.

Sobre esta obra xa pouco me queda por comentar, agás que é moi probable que non se pareza a nada do que estamos habituados a ler. Xa soamente falta a valoración máis importante de todas, a que normalmente se vai formando dende o primeiro verso ata o último e que, as moitas das veces, se perde no silencio, pero que dalgún xeito farase eterna: a túa, lector.

María Cuiñas Insua  
Tradutora



## Prólogo á primeira edición en catalán

Se a tarefa de prologar é difícil cando se trata de presentar unha obra de ensaio, aínda o é máis cando o prólogo ten que ser o preludio dun libro de poesía. Non é doado poñerse na perspectiva do autor e adiviñar o chorro de sentimentos e de pensamentos que configuran unha obra poética. O texto é a exteriorización dunha interioridade que busca a complicidade co lector. O poeta, manifestando ritmicamente a voz da súa interioridade, manifesta cara a fóra a súa identidade máis profunda, amosándonos o núcleo esencial do seu eu. Neste sentido, o acto de poetizar é un acto de denudación, de desvelo, porque o poeta móstrase espido diante dun descoñecido lector.

A medida que avanza no texto, o lector pódese sentir moi identificado con aquilo que palpita dentro da interioridade do poeta. Cando isto ocorre, a poesía remata formando parte do noso legado persoal, deixa de ser un obxecto intelectual ou literario, para se converter nunha ventá da propia subxectividade. Decote, os poetas saben expresar, mellor ca nós mesmos, aquilo que sentimos na profundidade do noso ser. Poñen palabras ás nosas impresións, aos nosos sentimentos, ás nosas emocións; axúdannos a definirnos máis perfectamente, aínda que xa sabemos que nunca nos definiremos totalmente, porque a palabra non pode conter a magnitude da experiencia

humana. Os poetas teñen o don da palabra, a plasticidade da imaxe e o ritmo necesario para que a obra teña a harmonía desexada.

A poesía, pois, permítenos acceder ao océano subxectivo do outro, aínda que este itinerario sempre presenta algúns escollos. A posibilidade de non ver o esencial ou de interpretar incorrectamente o núcleo da obra sempre está moi presente cando un se dispón a expor as ideas dun poeta. Con todo, o esforzo vale a pena, porque cada texto esconde posibilidades inéditas e cada lector fai seus os achados persoais. Ler poesía é coma empezar unha viaxe sen retorno. Non sabemos cara a onde nos levará, nin como seremos ó seu remate. Moi a miúdo, non é unha viaxe agradable, porque descubrimos ámbitos da nosa subxectividade e da existencia que preferiríamos non ter visto, pero o poeta non é o que nos amosa tan só o sublime que hai na vida, senón tamén aquilo escuro e mesquiño. Por iso, ler poesía esixe unha certa fortaleza de espírito, porque non sempre o lector está disposto a se enfrontar a si mesmo, nin aos límites do seu mundo.

O autor deste libro que está a ollar agora mesmo o lector invitoume a prologar esta obra poética, polo que me sinto agradecido e atemorizado á vez, por mor da tarefa que isto comporta. É que non é sinxelo cualificar con adxectivos a poesía de Manel Queralt. De entrada, poderíamos dicir que estamos diante dun poeta maduro que xa expresou noutros



textos moi logrados a súa concepción do mundo, o home e a existencia humana, que ofrece ao lector unha poesía de pensamento, unha poesía que ten como obxectivo central facer cavilar ó lector, levalo a lugares descoñecidos e propiciar nel o acto de pensar. Pero non se trata dunha poesía puramente intelectual porque, aínda que é rica en conceptos filosóficos – está chea de implícitos metafísicos –, é unha poesía intensamente apaixonada, que fai palpitar o corazón do lector e propicia nel estados de ánimo difíciles de definir a priori. Quen non estea disposto a experimentar transformacións nos seus ritmos habituais, mellor que non lea este poeta, porque a súa poesía é un torrente de ideas e de sentimentos que non deixan indiferente ao lector que se achega a elas.

Hai poetas que les e esqueces. Pero hai poetas que les e xa non podes esquecer nunca máis, non tan só porque nos tocaron algunha tecla da alma, senón porque nos baleiran por dentro e nos deixan á intemperie. Manel Queralt pertence a esta estirpe de poetas. Por iso me permito facerlle ao lector a seguinte advertencia: o que atopará nestas páxinas que seguen é poesía filosófica, é un longo poema de busca persoal, unha exploración honesta e á vez crúa da condición humana.

Non me propoño, o máis mínimo, dicir doutro xeito o que o poeta expresa tan belamente na poesía que nos regala; tampouco sería capaz. Porén, quero explorar o territorio

que nos amosa dende a perspectiva dun lector que tivo o privilexio de ler a súa poesía antes de ser editada en forma de libro. Ao final, o propósito dun prólogo non é comentar a obra que se prologa, senón potenciar a súa lectura, mostrar ao lector o valor do que ten diante, coa intención de que se dispoña a lelo, ou mellor dito, a recibilo e deixarse interpelar del. Se este prólogo acada esta fin, xa me darei por satisfeito, porque creo que a obra o merece.

Na nosa paisaxe cultural non abonda este tipo de poesía. Moi a miúdo, a poesía emprégase para embelecer retoricamente un discurso ou para amenizar un acto social; sen embargo, a poesía de Queralt non obedece a ningunha destas finalidades. É unha poesía que ten un profundo ton existencial, que nace dunha angustia vital, no sentido máis heideggeriano do termo, e que describe o lado máis escuro e problemático da vida humana. O poeta expresa ritmicamente a vivencia da angustia ante a nada, ante a constatación de que somos tempo que pasa, que somos seres-para-a-morte. Queralt enfróntase á experiencia do baleiro; non esconde a dureza desta realidade e invita o lector a facer o mesmo recorrido que el fixo solitariamente. Semella que o poeta busque un cómplice, unha voz amiga que participe da súa mesma experiencia.

Diante do precipicio do baleiro, é habitual a práctica da distracción, a fuxida cara ás cousas, a dispersión nos entretementos sociais. Na nosa sociedade, dispoñemos de

mecanismos moi potentes, tanto en intensidade coma en extensión, para manter permanentemente distraído o suxeito, permanentemente ocupado por feitos e noticias irrelevantes. Moitas veces, a poesía tamén obedece a esta función; pero non é esta a finalidade da poesía de Queralt.

O poeta déixanos plantados ante o horror do baleiro e, na beira do abismo, abandónanos, soamente para que pensemos onde estamos, quen somos e que lle da sentido ás nosas vidas. No seo dunha cultura chea de ruídos e de mensaxes anestésicas, a poesía de Queralt é, en certa maneira, contracultural, porque non se despreza no territorio da frivolidade, senón no vasto territorio da seriedade e da gravidade existencial. É moi posible que o lector posmoderno non acabe de comprender o drama de Vacu, o protagonista da obra. Se se produce este fenómeno, non é a causa do poeta, senón da distancia de experiencias que hai entre o poeta e o mundo. Pero algúns lectores, estou seguro, terán probado con amargor o baleiro que Vacu padece e, neste sentido, sentiranse identificados en parte co mundo que constrúe Manel Queralt.

Por todo, ben é posible dicir que a poesía de Queralt esixe un lector disposto a navegar moi lonxe, disposto a se somerxer na metafísica do absurdo e a tocar coas súas propias mans o carácter continxente e sobrante da existencia humana. Somos, pero poderíamos non ter sido.

Existimos nun mundo onde a magnitude do mal nos abafa. De feito, a experiencia da indixencia do ser vertebrada toda a poesía de Queralt. A caducidade de todas as cousas, o inexorable paso do tempo, a continxencia do mundo e das persoas, a fragilidade do eu e dos seus vínculos son cuestións centrais nesta opción poética. Todo é caduco no mundo de Queralt, pero o ser humano non vive perfectamente instalado nesta continxencia, senón que se sente profundamente incómodo e busca, desesperado, unha resposta, un sinal, un sentido a todo. A experiencia desta insostible levidade do ser, por dicilo coas palabras de Milan Kundera, xera un sufrimento que non é de tipo corporal, senón de carácter metafísico.

Na poesía de Queralt, o sufrimento convértese na clave de bóveda da existencia humana. O poeta pregúntase qué é o que xustifica a existencia, por qué razón o protagonista, Vacu, desexa seguir sendo, loitar para permanecer no ser. Vacu é o arquetipo do home que se enfronta responsablemente á súa vacuidade e, no canto de saír pola tanxente, busca desesperadamente unha razón que xustifique a súa existencia e que o ampare da tentación nihilista. Queralt pon no mesmo centro do poema a pregunta filosófica por definición: que é o que fai que a vida mereza ser vivida?

Vacu é un home fráxil, vulnerable, atezado pola dor, desorientado no gran labirinto da existencia, opaco e

afastado dos seus semellantes. O poeta obríganos a abrir a fiestra do baleiro, a mirar máis alá do que habitualmente miramos e a somerxernos na radicalizade do noso ser. O Ser de Vacu non se sostén sobre o Ser eterno dun Deus que ama dende a eternidade, senón no Baleiro máis fondo. Na poesía de Queralt non se detecta esta Presenza que dá sentido no Gólgota. Máis ben, parece dicirnos que asumir este baleiro é o único itinerario de liberación.

Neste longo poema, o autor expresa lírica e pateticamente a experiencia do baleiro, diso que os autores latinos chamaban o *horror vacui*. A personaxe central do poema, Vacu, que probablemente é o *alter ego* do poeta, recorre a xeografía do absurdo e móstranos os seus padecementos ao enfrontarse con esta experiencia. A posíbel disolución na nada, a incomunicación cos outros, a vivencia da soidade, a impotencia diante da magnitude do mal no mundo son omnipresentes na poesía de Queralt. É evidente que o lector pode compartir ou non a cosmovisión do poeta, pero en todo caso, terá que recoñecer que a perspectiva que nos ofrece Queralt conmove as nosas conviccións e fainos pensar. Tan só por este motivo, a poesía que está contida neste libro xa ten un gran valor.

Di o poeta que das grandes preguntas, daquelas que de verdade deixan unha ferida no fondo do corazón e que nos conmoven, “non se sabe gran cousa, nada se pode dicir”. A

poesía de Manel Queralt ten, ademais dunha gran beleza plástica, unha intensa forza metafísica, xa que, lonxe de moverse no plano da superficialidade, enfronta o lector cos grandes interrogantes da existencia. Neste sentido, espértanos do doce soño do non pensar.

Espero, apreciado lector, que saibas saborear esta poesía que Queralt tan amablemente nos ofrece. Toda ela zumega sinceridade, honestidade intelectual e paixón pola verdade. Para poder interiorizar o seu contido, terás que facer un esforzo para silenciar as voces que resoan no teu interior, adoptar unha actitude receptiva e deixarte extasiar polo texto. Boa viaxe, lector!

**Francesc Torralba Roselló**  
Filósofo e teólogo laico

“O home é un aprendiz, a dor, o seu mestre”<sup>i</sup>

**Alfred de Musset**

“É obvio que mesmo un mundo imaxinado tan diferente do real como se queira, ten que ter algo –unha forma- en común co mundo real.”<sup>ii</sup>

**Ludwig Wittgenstein**

“En realidade, todos os seres vivos, animais e persoas queren vivir, e esta vontade tan só desaparece en circunstancias excepcionais, coma unha dor insoportable.”<sup>iii</sup>

**Erich Fromm**





.....  
.....

Unha escaleira de caracol con chanzos  
de granito encadeados entre paredes  
e un teito non moi alto dun pasadizo  
rabuñado, perforado na rocha,  
onde o ollo non atravesaa superficie  
se cadra redondéaa dálle forma,  
pero non descobre os seus misterios.  
Poderíase especular se un bafo  
de enerxía soprou sobre un chisco  
de materia prima e se deu  
lugar a unha vida e se despois  
este combinado experimentou  
cambios decisivos e extraordinarios  
para tornarse entón nunha imprecisa  
e esfiañada evolución  
que nos levara con certo convencemento  
ata aquí, o momento desta historia.  
Quizais nos extralimitariamos se  
formularamos que aqueles mencionados  
a partir de agora seres vivos  
sucederónse un tras doutro e fixérono  
seleccionándose entre eles os máis aptos  
e deixando a un lado os menos adaptados.  
Seres moi antigos e indeterminados,  
que non podemos asegurar que existiron

porque xamais ninguén os viu  
nin temos ningún indicio fidedigno,  
ata chegaríamos a concluír,  
sen medo a desviarnos demasiado  
da realidade, que aqueles seres,  
en contra do que se poida pensar  
sobre a máis que improbable existencia,  
perforaron unha escaleira dentro da rocha.  
Así mesmo poderíamos impoñernos  
a tarefa descomunal de procurar  
descifrar un motivo por pequeno que sexa  
sobre o *porqué* do inicio dunha obra  
coma a que aquí se emprega a modo de exemplo.  
Pero o pasado móstrasenos turbio  
e énos imposible determinar  
cales foron as causas e polo tanto  
teremos que levar ás costas  
o descoñecemento daquelas orixes:  
todo o que se atribúe á escaleira  
escápanos como tamén os seus inicios.  
Non saberíamos afirmar se dentro todo  
é escuridade, quizais nos trabucariamos  
porque non estamos moi seguros, pero  
no interior vivía unha luz  
esmorecida que non se sabe de onde xurdía:  
unha incerta e descoñecida fonte,  
unha luminosidade absorbida

durante séculos polos poros da pedra.  
Podemos conxecturar que unha vez  
alí dentro non saberíamos qué podería  
suceder se imprudente alguén se decidira,  
–non adiviñaríamos a santo de qué–  
a ascender polo túnel e subir a escaleira.  
Pois ben, seguro que nos sorprendería  
se nos afirmasen en contra de todo  
prognóstico que resulta inverosímil  
pero certo que alguén habita na rocha.  
Procedente de non se sabe qué arredado  
recuncho, sen intuír de onde, algunha  
cosa remonta dende o máis profundo  
da escuridade que nos é descoñecida.

.....

«... Douscentos cincuenta e tres mil vintetrés  
douscentos cincuenta e tres mil vintecatro  
douscentos cincuenta e tres mil vintecinco...  
Ei coidado pensa pensa por qué  
sempre que chegas a este punto te perdes  
e tes que volver comezar o reconto.»

.....

Escoitamos unha voz de alguén que fala?  
Non nos sorprende confirma o que xa intuíamos.  
Pero non cremos que se trate dalgún  
deses seres mencionados ao principio  
por natureza mineiros que pola dura

tarefa que facían deberon de ser moi  
rudos senón dunha especie máis  
evolucionada máis sensible  
que seguramente e pronto estaríamos  
de acordo se a este habitante inicial,  
a ese ser, o chamáramos home.  
Entón poderíamos pensar ou imaxinar  
que un día malgrado ou non sempre  
hai opinións para todos os gustos  
porque nunca nos poríamos de acordo  
sobre se puido elixir ou non  
a vontade chegar a un mundo estraño,  
un home dicíamos, foi parar non  
adiviñamos cómo, no medio das tebras.  
Por primeira vez abriría os ollos  
de par en par para sorber con avidez  
imaxes dentro do seu pequeno cerebro  
e se foramos testemuñas  
presenciais, fortuítas, poderíamoslle  
entrever un inocente sorriso.  
Pero e polo que a nós nos afecta  
nunca escoitáramos choros de neno  
nin un deses sons guturais de meniño  
polo tanto non nos poderíamos referir a ningún  
nacemento en concreto; o máis probable  
é que se trate dalgún home pero  
non o volveremos dicir, tan só saberemos

que é débil que se se asoma ó abismo  
do vivir, finalmente sucumbirá.

Aínda agora non intuímos o seu nome.

.....

Esta escaleira existe porque Vacu  
a habita e mentres aquí viva existirá.

Agora ben se sae soamente no caso  
de que lograra facelo, cousa que non  
queremos afirmar ou desmentir, podería  
esvaecerse e correr o perigo extremo  
de quizais endexamais volvela ver.

Así que mentres se atope dentro e vaia  
contando os chanzos sempre lle será  
posíbel volver arriba ou abaixo ao punto  
que decida, pero se se despista,  
entón podería perderse na noite.

O comportamento deste Vacu é  
coma o de calquera aprendiz, debe  
repetir ata a saciedade  
todas as accións orientadas,  
a moverse pola escaleira e a coñecer  
—antes de pensar noutras cousas—  
o seu entorno e, resumindo, despois  
dunha fonda e lenta dixestión,  
a consolidalas e facelas súas.

E non demasiado á lixeira quizais  
e polo tanto seriamente pensase

que podería recorrer ese abrupto  
pero regular terreo non tan só  
de xeito especial senón tamén  
avanzar arriba ou abaixo o máis posíbel  
e ademais contar a medida que o fixera  
sumando ou restando un pé tralo outro  
retendo na memoria a cifra  
e por último, e á vez, manter  
os ollos e as orellas sempre alerta  
á espreita de calquera pequena  
ou escondida ou insignificante pista,  
non deixar nada ningún recanto nin perfil  
para investigar a pesar da continua  
chantaxe das dúbidas que ten a mente.  
Debería probar o sólida que era  
e o ben feita que estaba esta escaleira.  
Coas mans tempo e moita paciencia  
e coma se dun ritual se tratara  
podería percorrer de novo as pedras cada  
prego cada entrante e acariñar  
a lisa ou rugosa superficie  
deixando que estas sensacións  
lle chegaran directamente á cabeza.

.....

«...Catrocentos trinta e dous mil vinteseis  
catrocentos trinta e dous mil vinteseite  
catrocentos trinta e dous mil vinteoito...»

.....

Mantiña estes hábitos porque intuía  
esa firme crenza en que dalgunha  
forma así se opuña á marcha  
á incerta e cruel fuxida do tempo.  
Nun intre de receso sentado  
nun banzo e apuntalando as costas  
na rocha a súa mente rememora  
anacos pequenos do pasado do camiño  
percorrido e no chan reflexiona  
sobre os métodos empregados.  
Alí onde o vimos por primeira vez  
nun lugar indeterminado do tempo  
pensamos que xa posuía un certo saber  
que nunca puidemos identificar  
e se dende entón ata agora lle sumamos  
todos os coñecementos que a súa razón  
puidera atrapar –que poderían  
ser moi escasos e que cre lle foron  
sumamente útiles– podemos percibir  
que na maioría das ocasións  
perdérase por simple desidia  
un comportamento que consideramos  
non demostra indicios de intelixencia  
senón dunha increíble estupidez.

.....

Comeza coma unha leve percepción

ao principio e de seguido crecente  
que contén algunha cousa certamente  
de comechón e que non podemos lembrar  
cando empezou ou se houbo<sup>iv</sup>  
algún tempo no pasado no que non estivera.  
Supoñamos que sinxelamente non se vai  
que hai unha dor que segue a Vacu instálase  
nos seus ósos non desaparece.  
Imaxinemos que é crónica e resulta  
que é especialmente insidiosa  
porque traballa sempre case  
completa e constantemente en segredo  
–inferno que abrasa o seu interior–  
e non o sabemos pero por desgraza  
probablemente lle afecte corpo e mente.  
Non cremos que sexa importante pero  
esta nova dor impediralle moverse  
ata o punto que subir un só banzo  
causaralle unha multitude de punzadas  
arrepiantes e insoportables.  
E podería berrar en silencio contra  
esta dor que o impregnou  
dende tempos inmemoriais podería  
pedir clemencia pero non  
lle serviría de nada porque estes  
imperativos son inútiles aínda así  
hai un impulso incontrolable



que o empurra a probar a reclamar respostas  
pero non recibirá palabras tan só  
silencio e un puro e terrible sufrimento.

.....

Apoderárase conquista tras  
conquista do espazo desta escaleira  
que habitaba e Vacu considerábase  
capacitado para dominala en toda  
a súa alongada e retorcida amplitude.  
Ás veces quizais pero moi poucas  
admitía sentirse realmente  
fachendoso e enaltecido e con renovadas  
forzas porque pensaba que podería  
apropiarse das súas recentes  
descubertas novas capacidades  
e a medida que conquistaba o mundo  
—agora e aquí lembramos que se reduce  
ao pasadizo perforado na rocha—  
e que el coñecía tamén captaba  
algunhas desas leis máis sinxelas  
que o gobernaban e así ampliaba  
o coñecemento do balorento entorno  
por onde e, por dicilo cunha palabra  
menos pexorativa, deambulaba.  
Pero era tamén por este motivo  
polo que sabía recoñecer os seus propios  
límites que se atopaba cada vez máis

empequencido diante dos misterios  
que aínda podería agochar a escaleira.  
Dábase de conta da delicada  
situación na cal se atopaba.  
Padecía angustiáballo non saber  
qué outros sufrimentos lle atacarían  
crúa e terriblemente máis arriba.  
Que se pode esperar dun ser tan fráxil?  
Entón era necesario que Vacu elixira  
seguir adiante inda que descoñecendo  
os máis que probables perigos  
e asumir a dor que o acompañaba  
sempre tan crónica e inevitable,  
–tortura constante do corpo e a mente–  
ou ben recuar e baixar a escaleira  
e nun momento de gran debilidade  
deixarse ir e caer, considerar  
que non paga a pena e deixalo estar.  
Agochado na penumbra xorde  
a tentación de ir cara atrás  
de reencontrar o que lle é familiar  
e coñecido unha forma esta  
coma calquera outra –sospeitamos  
que a única– de sentirse seguro.  
Pero se non lle quixeramos dar  
importancia dabondo ás súas fráxiles  
mostras de lembranzas podería pasar

que Vacu non tivera unha historia,  
sería coma se non existira.  
Pero agora non o consideraremos  
porque sería unha estúpida perda  
de tempo e porque o que máis interesa  
é seguir adiante non descoidar o ritmo.  
Un Vacu emprendedor déixase levar<sup>v</sup>  
por posibilidades descoñecidas  
tan só entrevistas, deixarse ir,  
abandonarse conectar co mundo  
interior afectivo e sensorial  
da escaleira... Pero produce un certo  
estremecemento ou pavor porque  
o instrumento da intuición é capaz  
de verter paixóns incontrolables  
e ilusións e inquietudes e angustias.  
Entón se Vacu quixera descubrir  
novos lugares sería necesario que penetrara  
escaleira arriba a incerteza balanceándose  
na dúbida e afondando e tomando parte  
sobre unha das accións posibles  
e despois, unha vez tentado o novo  
campo de acción e unha vez conseguida  
certa clarividencia, debería actuar.  
As accións deste plan que prevía  
seguir retíñaas na memoria,  
se eran acertadas volveríaas

empregar noutros treitos da escaleira  
e rexeitaríaaas se resultasen inútiles.  
Más adiante cando o estado das cousas  
o pedise volvería recorrer  
á anterior estratexia a esa  
que permitiu a Vacu enfrontarse  
a situacións moi parecidas  
—como por exemplo nas ocasións  
que poderíamos pensar demasiado seguidas  
pola súa gran tendencia a caer  
ou tropezar máis de dúas veces  
por mor do mesmo chanzo unha forma  
tradicional e moi coñecida  
por todos de nomear a incompetencia—  
para superar novamente o obstáculo  
doloroso e conflictivo doutros tempos.  
Actuaba volvía avanzar sempre  
preocupado e fusco esperando  
o descubrimento, o definitivo,  
o que lle levara a tranquilidade  
a esa a súa atormentada mente:  
un monólogo que dispara unha voz  
que resulta ser dentro da mente outro  
monólogo e así repetidamente  
na profundidade da cabeza ata o infinito.  
Que o inquietaba, que o empurraba  
e de onde procedía o desacougo?

.....  
«...Seiscentos sesenta e catro mil cento dous  
seiscentos sesenta e catro mil cento tres  
seiscentos sesenta e catro mil cento catro...»  
.....

Existe a enerxía interna que o perturba  
se non pode expresar e descargar  
a excitación que agora experimenta,  
acabaría por aumentar o malestar.  
Bótase e os chanzos crávanselle na testa,  
costas e cu, pecha os ollos  
e deixa de pensar no paso do tempo.  
Mentres a man busca o adormecido membro  
acaríciase o glande e os sucios testículos  
e imaxina que alguén igualmente espido  
—tan só podería ver un ser coma el  
porque non ten a imaxe de ningún outro—  
o ameaza co seu pene erecto  
abre as pernas por riba e mételle  
a dura verga na boca aberta  
e atráeo canda si para que o masturbe  
colléndoo polos pelos e facéndolle  
mover a cabeza para que se axuste mellor  
ás necesidades do seu pracer  
mentres Vacu o agarra polas nádegas  
para axudar a controlar a acometida.  
Excítanse os dous a fondo, un bo anaco.

Pouco a pouco Vacu sente na súa man  
cómo aquel membro adormecido  
esperta con gana de crecer e facer  
valer a presenza do desexo:  
o desenlace é de todo previsible.  
No momento culminante o falso dobre  
desaparece e no punto exacto  
do non retorno chega a espesa borraaxeira  
do orgasmo e embaza corpo e mente:  
todo o sangue se concentra no sexo.  
Pero de súpeto percibe unha punzada  
horrible coma se agora lle traspasaran  
o pene cunha grosa agulla.  
Fundidos os dous, esta experiencia  
de dor e pracer xuntos non se pode describir:  
unha protuberancia de carne  
vermella de sangue e anormalmente inchada  
ata que explota coa exaculación  
ata que mana o esperma e ensúcialle  
as mans e a espesa beberaxe dispersa  
polo chan un final inapelable.  
Despois retorto o corpo polo tormento  
o corazón recupera o ritmo tranquilo  
e a respiración tórnase fonda.  
Coa cara botada sobre un frío  
banzo Vacu reconece o silencio  
que chega despois da excitación.

O pracer é un agasallo que chega e marcha  
e dura demasiado pouco, instantes efémeros,  
pero o sufrimento ten ese gran poder  
de residir perdurable ao longo do tempo.  
Vacu vese obrigado a continuar  
aprendendo a convivir coa dor.<sup>vi</sup>

.....

Co paso dos días imponse o deber  
íntimo de pensar continuamente  
nas pedras de non distraerse nunca  
porque o esquecemento máis insignificante  
podería redescubrir o seu tormento  
e chegar a ser –nun futuro– intolerable.  
Quizais Vacu enganábase pensando  
que aprendería demasiadas cousas pero  
en realidade non sabemos se sería  
capaz de fixar a mirada sobre  
as esenciais e isto poderíalle  
impedir pór en orde o seu cerebro  
e asumir unha actitude adecuada  
cara si mesmo e o contorno da escaleira,  
o ambiente semiescuro que o rodea.  
Se avanza os chanzos non se quedan, vanse,  
sempre distintos posponse entendelos.  
Vacu estivo moito tempo confinado  
entre estas dúas paredes e tivo  
que dedicar gran parte do seu esforzo

a contar e descontar todos os chanzos  
pero tenderá aínda a prolongar  
esta actitude incluso despois  
dos anos cando xa non pareza necesaria.  
Véndose el mesmo absorto tan só  
no constante e repetido reconto,  
corre o grave perigo de dedicar toda  
a enerxía a este tesón  
e polo tanto a obstaculizar e empobrecer  
a busca dun *porqué* á existencia.  
Vacu pensaba que nunca  
tropezara con ningún ser coma el ou alguén  
diferente pero en definitiva  
algún outro e isto facíalle presentir  
unha estraña nostalxia que podería  
chegar a converterse en somnambulismo.<sup>vii</sup>  
Falaba só e facíao coa boca  
torta coma se se dirixira a alguén  
que andara canda el pero,  
está claro, sabemos que non hai ninguén máis  
e entón, por qué demo o facía?  
Tenteando as sendas da loucura  
errático extraviábase na *nada*  
e o baleiro que o arrastra mostra  
un ser de seguridade escasa  
pero coa mínima capacidade  
para convivir con todas esas noites:



as tebras que arriba e abaixo carrea.  
Atorméntano inutilmente os actos  
nimios e máis irrelevantes, poderíamos  
asegurar que teima en tomarse  
demasiado en serio calquera  
minúsculo e insignificante detalle.  
Se o examinamos con lupa veremos  
algúns instantes conxelados no tempo  
que non incorporarán nada máis agás  
un corpo mutilado e o seu sufrimento,  
carente do todo de calquera palabra.  
Veremos como a súa dor é tempestade  
que explota violentamente encerrada  
na armazón do corpo e da mente.  
Vacu sempre ten canda el a dor  
está con e dentro del, lonxe de calquera  
posibilidade de observalo dende fóra  
e polo tanto de descubrir a súa orixe.  
Apertados os dentes e engurradas as cellas  
fusca mirada e naufragados os ollos,  
a xistra no medio das meniñas tolas  
e os pelos de punta e o cranio gretado,  
breves xemidos e un pranto que pide auxilio  
dende un corpo enchido de estremecementos.  
.....  
Cando meditaba podía chegar  
ata unha conclusión aproximada

polo menos ata un leve presentimento  
de que a pesar dos seus limitados e ínfimos  
coñecementos buscaba coma sen  
querelo un *absoluto* que envolvera  
toda esa angustiada soidade.

Pero chegaba sempre á certeza  
de que todos eses razoamentos que tanto  
o preocupaban traíanlle tan só  
un substituto ó que era imposible  
recrearlle o seu verdadeiro nome.

Empapado de medo a vacuidade  
da temible *nada* posuía:

os sentimentos que manan dun corazón  
vencido asómanse e caen ó fondo  
dun abismo do cal non renace ninguén.

.....

«...Oitocentos corenta e cinco mil trinta e cinco  
oitocentos corenta e cinco mil trinta e seis  
oitocentos corenta e cinco mil trinta e sete...

Se agora caio ninguén irá tras de min.

Cal é a procedencia do fel,

dos esgarros negros, dos cuspidos densos?

.....

Entón enmudeceu de socate e unha algara  
branca cubriulle os iris e rapidamente  
un lóstrego azul furou as pupilas  
e a néboa espesa invadiu o cerebro:

no interior as voces reaparecían,  
sabía moi ben o que isto significaba.

.....

*vertixe mareo angustia e delirio*  
*visión de nenos moribundos que berran*

.....

Aquel estado era coma volver  
en si despois dunha embriaguez  
producida polo efecto dunha droga.  
Sentir o mal sabor e a lingua pastosa  
enchendo o corpo coa sensación  
non moi agradable que produce  
parar despois dunha longa viaxe  
no intre que o andar rítmico finaliza  
provocando silencio dabondo  
para que dentro as voces aínda resoen.

.....

*vertixe mareo angustia e delirio*  
*visión de homes e mulleres que gritan.*

.....

Sempre pensaba noutra cousa  
ó mesmo tempo que subía a escaleira  
para non perder o tempo como se quixera  
atopar algunha resposta máis adiante  
–non sabe cal– sublime ou magnífica.  
De cotío corrixíase inclinando  
as reflexións cara este misterio,

entón parecía entender o que buscaba.  
Outras, pensaba de forma errática  
e perdíase entre os seus razoamentos  
ata que ao final abandonaba a busca  
dese nome imposible de mencionar.  
Pero cando quería afastar estes  
pensamentos para que non o distraeran  
dos outros problemas dos cales podería  
sacar algún proveito, entón empezaban  
a xurdir inoportunos e con máis forza.<sup>viii</sup>  
Inda que se esforzara ata o límite  
para querer ser perfecto non sabería  
espirse da condición  
das súas debilidades que son  
a raíz da súa insuficiencia.  
Hai algunha cousa inexplicable<sup>ix</sup>  
que na mente de Vacu nace e brota  
lentamente: imaxes escuras, lembranzas  
perdidas e un debate que vén de lonxe.  
Demasiado confuso chega á consciencia  
un remuíño de grises onde non se pode  
distinguir forma ou símbolo ningún  
que se deixen traducir ou interpretar.  
Que sube ata a superficie  
da conciencia a solicitar  
o dereito a converterse en real, tanxible?  
Vacu conmóvese, retórcese e érguese

dos banzos e comézase a preguntar  
—sen deixar nunca de subir a escaleira—  
cal podería ser este comportamento  
que ultimamente tanto o asexu.

Por que agora se decata e antes non?  
Quere procurar facelo xurdir de novo  
e fai volta atrás no pensamento  
buscando o instante preciso cando foi  
cando empezou ese desacougo.

.....

Sempre vive dentro da mesma atmosfera  
a luz esmorecida que o envolve  
o silencio escuro que lle preme as tempas,  
así é cando cre que se refai o camiño  
poderá descubrir a primeira causa  
do efecto que o trouxo ata este  
presente e que o terá que guiar de agora  
en diante. Pero despois de tanto  
tempo, o esforzo requirido é demasiado  
importante para un ser coma Vacu  
que sempre loitou sen descanso  
na penumbra desta galería  
arrastrando ás costas medos e tebras,  
e para que dende ese intre buscado  
nas lembranzas ata aquí non haxa nada  
no medio do camiño de retorno, aparta  
calquera obstáculo e todo pensamento

estranho e pecha os ollos con forza  
e coas torpes mans repásase  
a cara e o corpo coma se Vacu quixera  
arrincarse o arame espiñoso que o atrapa  
e o envolve con dores terribles  
que lle esgazan a pel e lle fan profundas  
feridas, ata o límite do sufrimento.

.....

*vertixe mareo angustia e delirio*  
*visión de nenos moribundos que berran*  
*vertixe mareo angustia e delirio*  
*visión de homes e mulleres que gritan*

.....

Entón parece que se concentra como nunca  
e que ningunha distracción o sacará  
deste estado de ensimesmamento crítico  
e prepárase para facer unha nova tentativa  
suprema coma se quixera rebelarse  
contra esta angustia que o abafa.  
Pero despois unha vez máis  
volve experimentar o baleiro da *nada*,  
detense e por un momento xa non pensa.  
De seguida e sen saber por que  
volve de novo subir e baixar escaleiras  
varias veces coma se quixera  
recuperar o reconto dos chanzos:  
a seguridade que dá un mundo palpable.

Sabe que a súa viaxe pola memoria  
foi un fracaso: devolveulle moi vivo  
o desengano e sentiuse máis miserable.

.....

«...Un millón cen mil cincuenta e un  
un millón cen mil cincuenta e dous  
un millón cen mil cincuenta e tres...»

.....

Esta galería que se empoleira  
furada dentro da rocha estaba chea  
de fendeduras abertas nas paredes  
das cales manaba unha purulenta secreción:  
feridas da pel do mesmo Vacu.

Esa escaleira que nunca remataba  
abandonárao no medio dun túnel  
indo arriba e abaixo cara a un final  
que non chegaba que non se albiscaba.<sup>x</sup>

Corría e pensaba que a suor  
era sangue e pus pestilente que manaba  
das paredes chagadas sangue mesto  
que lentamente pingaba ata  
os banzos e enchoupáballe os pés nus.  
Cando o ar se volvía irrespirable,  
agoniante, as tebras cercábano  
e premíanos coma se un coloso  
anoxado e irascible o secuestrara  
entre as súas mans para esmagalo.

Aínda que gritara e berrara  
pedindo axuda, espavorecido,  
sabía que ninguén o escoitaría.  
E cando xa non podía avanzar máis<sup>xi</sup>  
irto sentía os fortes latidos nas tempas  
quería parar o corazón, tranquilízalo,  
porque xamais o faría por si só:  
ceibarse e axudalo a repousar.  
Estaba en constante perigo, a fronteira<sup>xii</sup>  
entre a vixilia e o sono entre o verdadeiro  
e o irreal, é unha zona desprotexida  
dos posibles obstáculos, das trampas  
e os abismos que en cada novo paso  
se poderían abrir, e, inda que nunca  
lle ocorrera, desconfiaba.  
E sempre que volvía ter estes  
pensamentos fraqueábanlle as pernas,  
cambaleándose subía a modo  
coma se un abismo puidera sorprendelo.  
Nesta vida tan maquinal  
coma a súa, que pasará *mañá*?  
E que pasou *onte* ou *antonte*?  
Na profundidade do cerebro  
de Vacu pérdense todos os pensamentos.  
Así pois ocorre que intentar  
reproducir o tempo é traballo en balde,  
todos os esforzos son inútiles.



E comeza por un lene cansazo  
imperceptible coma cando un día  
imaxinamos que escoitamos unha voz  
moi distante que nos murmura  
ao oído e despois de prestar  
atención deixámola estar porque  
non cremos que fora real, posíbel.  
Un bo día cando Vacu xa non o espera,  
disimulando saca a testa ese  
*porqué* e todo empeza a afundirse.  
Treme coma se tivera frío, senta,  
e asediado pola escuridade, totalmente só, chora.  
A que vén dar a un infeliz a luz  
a vida aos que teñen o amargor no corazón  
que aspiran á morte sen que veña?<sup>xiii</sup>  
.....

Non, Vacu nunca foi sabio na súa  
soidade xamais soubo qué facer con ela  
e non cre en ningún máis alá afundido  
como se atopa na lama do infortunio.  
Agora, despois de tanto tempo, tanto que xa  
nin se lembra, case non ten  
un intre de tranquilidade:  
nestas escaleiras persígueo  
o bafexo dos soños máis terribles.  
Entón é difícil fixar o instante  
preciso cando Vacu fixo o paso sutil

e o espírito apostou pola morte.<sup>xiv</sup>  
Inquedo e desexoso de coñecer,  
se aínda fora capaz de mirar máis  
aló de si mesmo e levantar  
a mirada por riba dos propios  
medos, tería a posibilidade  
de recuperar o interese por vivir.  
Cando unha desas voces lle falou  
hai xa moito tempo e puido acalar  
o seu tormento, agora outra recítaa  
e renova o lamento no punto  
no cal terrible se interrompeu.

.....  
*vertixe mareo angustia e delirio*  
*visión de nenos moribundos que berran*  
*vertixe mareo angustia e delirio*  
*visión de homes e mulleres que gritan*  
.....

E escápasenos algunha cousa, cal?  
Que fai que este despoxo se aferre  
á escaleira que mereza tanto a pena?  
Non aprendeu da trágica experiencia  
de que alí tan só atopará sufrimento?  
Mantense constantemente nun esforzo  
extremo, solitario, e sabe que nesta  
conciencia, nesta revolta,  
está desafiando unha resposta.

Vacu un saco de ósos enfraquecido, deforme,  
esgotado pola dor do corpo e da mente  
case imposibilitado para moverse  
espido sucio por culpa das incontinencias  
chagados os labios e a pel, esgazados,  
arrástrase pesadamente e... Non poderá.  
Tose e atragóase e vomita esputos  
pero coas mans rabuña chanzos  
na escaleira co ánimo de seguir subindo,  
lentamente, o peso da existencia.  
Despois de tantos anos de incesante dor<sup>xv</sup>  
el é en certo sentido tan só ferida,  
o seu carácter é inseparable xa  
do seu sufrimento, íntima unión.  
Dentro da escaleira óense ruídos  
amortuxados un certo rumor  
de alguén que anda que se arrastra.  
Escóitase unha voz case inaudible  
dun ser ferido, non obstante, non son  
palabras verdadeiramente, seméllanse  
aos alaridos dunha ferida aberta.  
Entón todo o que se ve e se percibe  
comprímese nunha soa imaxe  
que expresa unha longa metamorfose  
froito dun prolongado sufrimento.  
Chegará a descubrir que padecer<sup>xvi</sup>  
pódese considerar coma o seu

verdadeiro destino onde o sufrimento  
é a súa tarefa, a única tarefa.

Así quizais agora podería entrever  
que ata el, padecendo tanto, é único  
e que está moi só, ninguén o poderá  
alixeirar ou sufrir no seu lugar; existe  
soamente unha oportunidade e esta  
reside no xeito de cómo o soporte.

Ben, qué lle imos facer, pero, cómpre que siga?

Non o sabemos. Vacu xa non ten nada máis  
que perder nesta ridícula vida.

E logo de seguido e rápido  
bordaremos artificios máis ou menos  
consistentes para salvar os restos  
aínda que cremos sinceramente  
que as oportunidades de ter éxito  
son moi reducidas. Verémolo.

.....

«...Un millón trescentos catro mil cinco  
un millón trescentos catro mil seis  
un mill... Como? Que fai aquí esta parede?  
Non pode ser non o entendo non podo seguir  
a escaleira remata e non hai máis banzos...! »

.....

Sen poder asumir xa de ningunha forma  
a situación proferiu un berro  
terrible e turbador coma se procedera

dun condenado ás peores torturas,  
nacido da profundidade do ser  
—mesmo nos conmoveu a nós—  
un berro que leva rabia contida  
e dores acumuladas e maceradas  
durante anos, ata aquí: toda unha vida.  
Pero que é o que vemos? Que ocorre?  
Despois de todo este sufrimento seu  
invádeo un sentimento unha estraña  
e tranquila sensación de paz  
coma se unhas mans suaves, descoñecidas,  
lle acariciaran as feridas,  
as do interior do corpo e as da mente:  
respirar uns intres imperceptibles  
sen temer as punzantes consecuencias.  
Entón o impensable: **Vacu sorrinos!**

.....

Calamos e chegados a este punto calamos.  
Diante dun ser sufrinte que puido  
soportar tanta dor todo este  
tempo, tan só podemos calar e observar.

.....

(Así é que sobre as realidades<sup>xvii</sup>  
máis importantes e á vez radicais  
non se sabe gran cousa, nada se pode dicir.  
Non existe onte nin mañá. Todo é agora.<sup>xviii</sup>  
Pon este final de manifesto  
a *nada* ou a *transcendencia*<sup>xix</sup>?  
A verdadeira e única saída  
da escaleira atópase precisamente  
alí onde non hai ningunha posíbel?)  
.....

- 
- <sup>i</sup> *La nuit d'octobre* (1837) de Alfred de Musset.
- <sup>ii</sup> Do *Tractatus logico-philosophicus* traducido por J.M. Terricabras.
- <sup>iii</sup> Do libro *Del tener al ser* de Erich Fromm.
- <sup>iv</sup> Inspirado nuns versos de Dickinson.
- <sup>v</sup> *Tan humanos* de A. Capellá.
- <sup>vi</sup> *La escritura del desastre* de M. Blanchot.
- <sup>vii</sup> *Pasenow o el romanticismo* de H. Broch.
- <sup>viii</sup> *Proslogion* do bispo de Canterbury en *Fides et ratio* do Papa Xoan Pablo II.
- <sup>ix</sup> Versos inspirados en *Á busca do tempo perdido* de M. Proust.
- <sup>x</sup> *Viaje al fin de la noche* de L.F. Celine.
- <sup>xi</sup> Inspirado nunha frase do libro *El dolor* de M. Duras.
- <sup>xii</sup> Inspirado nun parágrafo do libro *La frontera* de W. A. Mitgutsch
- <sup>xiii</sup> Versos copiados do Antigo Testamento: *Libros sapienciais - Libro de Job*.
- <sup>xiv</sup> Versos inspirados en *El mito de Sísifo* de A. Camus.
- <sup>xv</sup> Versos inspirados na dor de *Filoctetes* de Sófocles.
- <sup>xvi</sup> Versos inspirados na lectura de *El hombre en busca de sentido* de Viktor Frankel.
- <sup>xvii</sup> Versos inspirados na introducción ao *Tractatus logico-philosophicus* de L. Wittgenstein de J.M. Terricabras.
- <sup>xviii</sup> Verso inspirado en *El mito de Sísifo* de A. Camus.
- <sup>xix</sup> Que é radicalmente superior, que está máis alá da experiencia de Vacu.